

Convocatorias e Calendario

No curso 2016/2017 realizaranse dúas convocatorias da proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade:

- Ordinaria
- Extraordinaria

ORDINARIA			EXTRAORDINARIA		
XUÑO 2017			SETEMBRO 2017		
mércores	xoves	venres	martes	mércores	xoves
7	8	9	12	13	14

A superación da Parte Obrigatoria da proba ABAU terá validez indefinida. Os estudantes poderán presentarse a Parte Obrigatoria da proba ABAU en sucesivas convocatorias para mellorar a súa cualificación. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Aos efectos da súa ponderación, a cualificación das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á superación destas; por exemplo, para aqueles que as superasen na convocatoria Ordinaria e Extraordinaria de 2017, a nota das materias da Parte Voluntaria e da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria terá validez para o acceso á universidade nos cursos 2017-2018 e 2018-2019.

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias da Parte Voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Nas sucesivas convocatorias a proba realizarase na universidade pública á que estea adscrito, aos indicados efectos, o centro de educación secundaria no que se superase o segundo curso de bacharelato ou na universidade á que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.